



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría
Rúa Maestranza, 9
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 000
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 31 de xaneiro de 2020 da Universidade da Coruña pola que se nomea Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Fisioloxía Vexetal a María de los Ángeles Bernal Pita da Veiga.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 6 de novembro de 2019 (BOE do 18 de novembro de 2019), para a provisión da praza número 19/055 de Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Fisioloxía Vexetal, departamento de Bioloxía desta universidade, a favor de María de los Ángeles Bernal Pita da Veiga, con DNI núm. ***5895** e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a María de los Ángeles Bernal Pita da Veiga, Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Fisioloxía Vexetal, departamento de Bioloxía desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", a persoa candidata deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 31 de xaneiro de 2020

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	PD8ZEp2vD9JEVd3ktWm2Gg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	31/01/2020 09:31:28
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/PD8ZEp2vD9JEVd3ktWm2Gg==		

